



2001-2008 O XIRO DOS SETE ANOS

Altermundialismo e post-altermundialismo



BERNARD CASSEN,
IGNACIO RAMONET E
CHRISTOPHE VENTURA
Mémoire des Lutttes

Segundo a película de Billy Wilder *The Seven Year Itch* (1955), cuxa principal intérprete feminina era a inesquecible Marilyn Monroe, os homes casados coñecen “a comechón do sétimo ano”. Numerosos indicios fan pensar que este xiro do sétimo ano se aplica aos Foros Sociais Mundiais (FSM), cuxa primeira sesión se celebrou en Porto Alegre en xaneiro de 2001, e a derradeira en data, descentralizada, aconteceu en xaneiro de 2008. A próxima cita terá lugar en Belém (Brasil) entre o 27 de xaneiro e o 1 de febreiro de 2009. Na meirande parte das organizacións que se consideran altermundialistas, poucas son as que hoxe aínda consideran “politicamente incorrecto” evocar o tema. Non acontecía o mesmo hai dous ou tres anos cando certos militantes comezaban a facer balanço –positivo, é certo, mais tamén crítico– dun proceso inédito na historia da contestación do neoliberalismo. En que medida a ferramenta Foro se convertera en produtora de transformacións políticas e sociais profundas?

A tarefa era ardua xa que o formato “Foro”, codificado na Carta de Principios de Porto Alegre de 2002, volvérase unha especie de vaca sagrada e, xa que logo, nalgo presumiblemente insuperable. As voces que se interrogaban sobre o xeito de preparación e sobre o impacto real de certos Foros (os organizados en Europa en primeiro lugar) vían como se lles reprochaba, entre outras torpezas, a “división do movemento social”. Aquelas voces que, a partir da masa espallada dos centos de propostas dos Foros, querían reter as máis salientables e presentalas nun



conxunto coherente con sentido e carácter de proxecto global, eran acusadas de autoproclamarse “guías” do “movemento social” planetario.

É desde xeito como o Manifesto de Porto Alegre, asinado a título individual en 2005 por 19 activistas dos catro continentes (entre eles dous Premios Nobel, Adolfo Pérez Esquivel e José Saragamo), foi moito máis vilipendiado que lido en verdade por moitos dos catecúmenos da ortodoxia “Foro”, e iso que se inscribía de forma explícita no respecto polos principios da Carta. A mesma sorte fora posteriormente reservada, polos mesmos, ao Chamado de Bamako redactado logo dun encontro organizado polo Foro Mundial das Alternativas (FMA) que reunira 200 delegados de movementos sociais, cunha maioría do Sur, nas vísperas do FSM descentralizado que tivo lugar na capital de Malí en xaneiro de 2006.

No entanto, o principio de realidade rematou por recuperar os seus dereitos. Por unha ban-

da, constatárase un indiscutible abuso da fórmula dos Foros, e moitos activistas, que xa “fixeran” varios, interrogábanse sobre cómo pasar ao acto político correspondente que permitiría o xurdimento “dun outro mundo posible”. Por outra banda, ollo-

TRÁTASE DE PROCURAR XEITOS DE ARTICULACIÓN ENTRE MOVEMENTOS SOCIAIS, FORZAS POLÍTICAS E GOBERNOS PROGRESISTAS

use como chegaron ao poder en América latina gobernos derivados de movementos populares que, no concreto, poñían en marcha, con altos e baixos, políticas de ruptura co neoliberalismo, como as que eran avanzadas nos Foros.

En certos sectores do movemento altermundialista, para os que todo “poder” é fatalmente sospeitoso e debe manterse a distancia, a cuestión da postura a adoptar no tocante a estes gobernos foi e segue sendo unha

fonte de malestar. Para os tres asinantes deste texto, responsables da *Memoria das loitas*, que estiveron entre os ideólogos do primeiro FSM e que participaron activamente en cada un deles, xa era hora de incitar a uns e a outros a ollar o novo contexto internacional de fronte.

Para esta nova etapa da loita mundial contra o neoliberalismo, e na perspectiva da elaboración dun Manifesto para un socialismo do século XXI, *Memoria das Loitas* e a revista *Utopía crítica* organizaron o 26 de xaneiro de 2008 en París un coloquio chamado “Altermundialismo e post-altermundialismo”. A conxunción “e” do título é importante. Trátase ben da conxunción “e” e non da disxunción “ou”. Significa que o postaltermundialismo –caracterizado pola procura de novos espazos e de novos xeitos de articulación entre movementos sociais, forzas políticas e gobernos progresistas– non substitúe ao altermundialismo, aínda lonxe de ter esgotado todas as súas virtualidades. Sinxelamente é un artellado posible e mesmo indispensable. Estas análises foron longamente retomadas en varios obradoiros do Foro Social Europeo de Malmö do mes de setembro pasado.

Os Foros sociais manteñen toda a súa importancia como espazos e procesos sometidos ás regras da Carta. De forma para-

KALVELLIDO.NET



BIOMANIPULACIÓNS

Éranse unha vez tres viláns que cabalgaban xuntos e xuntos organizaban as súas falcatruadas. Nunha desas atacaron a un comerciante desvalido e ao seu servente. Para facerse co seu botín o primeiro vilán matou dun tiro ao cabalo, o segundo vilán cravou un puñal ao servente e o terceiro cortou a cabeza do comerciante. Unha vez foron capturados, os tres viláns alegaron: non todo foi culpa miña.

As empresas de agrocombustíbeis están ofendidas polas informacións que lles responsabilizan dunha parte da crise alimentaria. A empresa española Abengoa publicou o pasado 28 de maio un anuncio onde querían exculparse da subida de prezos de alimentos e, vaia mala sorte, dous días despois o titular da prensa recolle os resultados da FAO e a OCDE: “os biocombustibles causan un terzo do medre do prezo dos alimentos”.

Nun segundo anuncio, o 2 de xuño, explican que o cultivo de agrocombustíbeis non provocará a desaparición de terras en Europa para a alimentación humana. Non, claro, de Europa non, nótense de terras de Brasil ou Indonesia onde xa é evidente que os monocultivos de cana ou palma están substituíndo aos cultivos tradicionais, expulsando millóns de labregos e deforestando a selva.

Seguiremos atentos a ver con que novas biomanipulacións oímoslles choromicar: non todo é culpa miña.

GUSTAVO DUCH GUILLOT

Director de Veterinarios Sen Fronteiras

EDUARDO GALEANO



Tirado de:
Bocas del tiempo (e-book, Siglo XXI).

A VIAXE

Oriol Vall, que se ocupa dos recém nacidos nun hospital de Barcelona, di que o primeiro xesto humano é o abrazo.

Logo de saír ao mundo, ao principio dos seus días, os bebés dánlle aos brazos, como buscando a alguén.

Outros médicos, que se ocupan dos xa vividos, din que os vellos, no fin dos seus días, morren querendo alzar os brazos.

E así é a cousa, por moitas voltas que lle deamos ao asunto, e por moitas palabras que lle poñamos. A iso, así de simple, redúcese todo: entre dous bateres de brazos, sen máis explicación, transcorre a viaxe.